

# Asociación Amizade, a loita por consolidar a normalización da xente con discapacidade

► O colectivo pontevedrés leva décadas traballando en favor da igualdade de oportunidades e da inclusión destas persoas

**J. C. PONTEVEDRA.** «Tense avanzado moito na percepción social da discapacidade, pero aínda queda moito camiño por percorrer». Con esta afirmación, Paulo Fontán deixa clara a importancia do labor e o traballo que desenvolven colectivos como Amizade, Asociación de Persoas con Discapacidade da comarca de Pontevedra. Durante os últimos 35 anos, pasando por diferentes etapas e fases, esta agrupación, que conta a día de hoxe con preto de 120 socios e socias, fomenta iniciativas e valoras que van alén da inclusión, co obxectivo de acadar a normalización para todas as persoas que padecen algún tipo de discapacidade.

Foi no ano 1988 cando un grupo de persoas con discapacidade deron vida a unha asociación que buscaba defender mellor os seus intereses individuais e colectivos. Baixo o nome de AISMIP, foi medrando pouco a pouco, ata que en 1993 prodúcese a fusión co Grupo de Persoas con Discapacidade Psíquica El Buen Pastor, dando así vida a Asociación Amistad. A evolución continuou (en 1997 incorpórase á COGAMI) ata que en 2007 adopta o seu nome actual, Amizade. En todo este tempo, fóronse facendo progresos importantes. «Antes, a percepción global era que a persoa que tiña un problema de discapacidade era a que tiña

que adaptarse á sociedade», lembra o presidente, que subliña os obxectivos principais do colectivo, como acadar unha sociedade onde o grupo social das persoas con discapacidade poidan gozar dos seus dereitos en situación de igualdade real, co máis absoluto respecto á súa dignidade e diversidade.

Ademais, Amizade promulga a defeosa do dereito a un xeito de vida e a unha contorna social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo destas persoas, ao tempo que se promociona a súa integración vida activa na sociedade, especialmente nos casos de discapacidade severa.

**TAREFAS E ACTIVIDADES.** Para poder cumprir cos seus obxectivos, a asociación Amizade desenvolve ao longo do ano un gran número de iniciativas, actividades e accións. Así, no apartado de sensibilización, son moitas as charlas que se levan a cabo sobre prevención de accidentes en centros de ensino. Trátanse de encontros nos que participan persoas que sufriron lesións medulares graves, como consecuencia de accidentes de tráfico.

O que se busca é sensibilizar á mocidade sobre a importancia de manter comportamentos axeitados cando se conduce un automóbil ou se manexa unha motocicleta. Son charlas que están dirixidas



Varias das actividades, charlas e iniciativas que promove a asociación pontevedresa durante todo o ano.

«Antes a percepción global era que a persoa con discapacidade tiña que adaptarse á sociedade, e non ao revés»

ao alumnado de ESO e Bacharelato e que pretenden que os rapaces e rapazas sexan conscientes de que existe un perigo real, ao tempo que se busca romper estereotipos sobre as persoas discapacitadas. Dentro deste ámbito, tamén se

fan charlas tanto en universidades como para alumnado de Educación Infantil, para normalizar a discapacidade, fomentando a igualdade real de oportunidades entre toda a poboación.

No apartado de asesoramento, desde Amizade achégase información sobre diversas cuestións, como os beneficios do certificado de discapacidade, as axudas económicas e técnicas existentes para afectados e afectadas, ou aspectos vencellados á formación ou o emprego. O lecer tamén é un punto importante na folla de ruta da asociación pontevedresa, xa que o tempo libre favorece a integración a través da participación social. Con ese espírito, lévanse a cabo durante todo o ano visitas a lugares de interese, cidades, excursións a espazos naturais, espectáculos deportivos, culturais, cenas ou comidas de confraternización.

Todo cun único obxectivo: continuar avanzando para normalizar definitivamente a situación e percepción das persoas con discapacidade na nosa sociedade actual.

## Asociación Amizade De que xeito poden axudar as empresas á actividade da agrupación?

Como non podería ser doutro xeito, para poder levar a cabo todas estas iniciativas e actividades en favor da integración e a inclusión das persoas con discapacidade son necesarios recursos económicos e materiais. A día de hoxe son varias as fórmulas das que dispoñen entidades, empresas e particulares á hora de facer as súas achegas. Una das opcións é que calquera

persoa que padeza algún tipo de discapacidade decida facerse socia, pagando unha cota e tendo acceso, deste xeito, aos servizos que oferta a agrupación. Con respecto ao apartado de doazóns, tamén existe a posibilidade de realizar achegas económicas de xeito puntual, mensual ou anual.

Tanto o feito de darse de alta como socio ou socia como as colaboracións poden levarse a cabo a través da páxina web de Amizade ([asociacionamizade.org](http://asociacionamizade.org)).

A entidade de Pontevedra informa, asemade, de que este espazo virtual tamén se pon a disposición da cidadanía un número de conta para realizar estas achegas vía transferencia bancaria: ES33 2100 2428 5002 0007 2590

(Caixabank). O xustificante de pago deberá enviarse á dirección de correo electrónico [amizade@asociacionamizade.org](mailto:amizade@asociacionamizade.org). Desde a directiva da agrupación pontevedresa lembran que estas doazóns gozan de dedución no que a impostos se refire.

### Contratación de persoal

Máis alá do apartado económico, tamén hai máis xeitos de colaborar ou implicarse con Amizade. Paulo Fontán fai fincapé, por exemplo, na importancia de apostar por persoas discapacitadas á hora de realizar contratacións. «A lei establece que empresas con máis de 50 traballadores deben contar cun 2% con persoal que corresponda a persoas discapaci-

tadas. Crear estes postos mellora a súa independencia e autoestima», asevera.

Outro apartado moi importante no que á colaboración se refire é o voluntariado. O feito de adicar parte do tempo persoal á axuda na organización e desenvolvemento de actividades, eventos e proxectos supón unha experiencia moi enriquecedora.

### Unha sociedade solidaria

Por último, na Asociación Amizade de Pontevedra teñen moi claro que estes valores e esforzos axudan a dar vida a unha sociedade máis xusta e solidaria, algo que cobra especial importancia cando se trata de axudar en materia de integración.